

# NOVAS

XANEIRO – FEBREIRO 2025



## CHARLA – COLOQUIO JOSE MIJARES

Puidemos desfrutar dos relatos das aventuras e expedicións feitas por **José Mijares**, persoa que esta ser testemuña en primeira liña do cambio climático nas terras do frío.



## CURSOS FORMATIVOS

Durante estes dous meses, impartíronse 9 cursos, entre eles: Esquí de montaña, Alpinismo (Inic, Corredores de neve e xeo, Terreo Glaciar), Montañismo Invernal, e Orientación.

Todos eles impartidos pola **Escola Galega de Alta Montaña (EGAM)**.

Podes consultar toda a info no seguinte enlace

[EGAM](#)

## CAMPIONATO DE ESCALADA

XUNTA DE GALICIA, CIDADE DA CORUÑA

A fin de semana 1 e 2 de febreiro tivo lugar no rocódromo municipal de Riazor o **Campionato Galego de bloque e dificultade**.

[CLASIFICACIONES](#)



# NOVAS

XANEIRO – FEBREIRO 2025




## DESCONTOS FEDERADOS

Aberta unha **nova sección** dentro da web na que atoparás diferentes opcións de ofertas en servizos, produtos e demais oportunidades que poden ser interesantes para as persoas Federadas.

Accede mediante o seguinte enlace

[DESCONTOS](#)



## ENAG

O equipo de novos alpinistas galegos segue a súa preparación, nestes meses estiveron en **Bielsa** facendo escalada en xeo formándose coas ferramentas de seguridade **Arba e Sonda**.

## GALA DO MONTAÑISMO GALEGO, 2024

O pasado 14 de febreiro no Concello de Ames, entregáronse os premios da **Gala do Montañismo Galego 2024**. Evento no que se deron cita máis de 150 persoas e no que se entregaron os galardóns a deportistas, clubs e entidades que tiveron especial relevancia dentro da nosa comunidade no 2024.

[LEE MÁIS](#)



# NOVAS

XANEIRO – FEBREIRO 2025



## CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS I PROBA COPA XUNTA DE GALICIA DE CXM

O pasado 9 de xaneiro na localidade de **Vedra** tivo lugar o **Campionato Xunta de Galicia de Clubs** e **I Proba da Copa Xunta de Galicia de CxM**.

Excelentemente organizado polo **club Vértice** no que se deron conta os mellores corredores/as de Galicia e onde o club vencedor foi:

- GTR, Galaico Trail Run en categoría Feminina
- AC Castrelos Trail Club en Masculina

E na Copa os vencedores/as foron:

- María Platero Prado
- Alexandre Otero Iglesias

**CLASIFICACIÓNS**



## ENCONTRO DE ALPINISMO

Un ano máis cubríronse todas as prazas para o encontro de Alpinismo que este ano estivo organizado en colaboración coa Federación de Montaña de Castela e León e celebrouse en **Peña Ubiña**, os días 22 e 23 de febreiro.

**LEE MÁIS**

## LIGA DE ANDAINAS

Comezou a **Liga de Andainas Galegas** coa primeira proba en Noia o pasado día 23 de febreiro, organizada polo **club Tabandainas** cun percorrido total de 25km e máis de 700 inscritos.

Todo un éxito!

**LEE MÁIS**

